



“Saúdan ó día as gaivotas e o mar ergue a súa arela sen nome en cumes de espuma branca. Un gris de ceo baixo latexa na auga. Desperta o vento na xerfa e vai zunindo a cántiga secreta do seu errar. A baliza do peirao, si e non de luz e pausa, acena xa debilmente, atenuada polo día que quere abrir.

- As persoas estamos feitas para levar adiante os proxectos máis fermosos.”

*Anagnórise* (1988)

“Autora de libros infantís e xuvenís. O ano 1972 escribiu o conto *Carisca, e Catavento*. No seguinte editou “Unha historia de nenos para nenos”, co título de *Mar adiante*. No 1985 deu a coñecer a novela *Leonardo e os fontaneiros*... No campo dos estudos literarios hai que anotar o que lle adicou aos poemas de García Lorca...”

*Diccionario de escritores en lingua galega* (1990), Francisco Fernández del Riego

# MARÍA VICTORIA MORENO

(Valencia de Alcántara, Cáceres, 1939 – Pontevedra, 2005)

Foi unha escritora, tradutora, editora e profesora de ensino secundario. Estudou Filosofía e Letras, na especialidade de Filoloxía Románica, na Universidade Complutense de Madrid. Exerceu de profesora en Lugo, Vilalonga e Pontevedra. Recibiu numerosos premios, coma o do Concurso Nacional de Contos Infantís da Agrupación Cultural O Facho ou o Premio Barco de Vapor. Dominou ata once linguas e escolleu a galega para a súa escrita literaria.

## GRANDES ÉXITOS



1973

*Mar adiante* (1973) é a historia dunha escola nun barco, o Arroás, unha forma de ensino diferente, afectiva e apegada á natureza, que mostra a filosofía da autora.

*Leonardo e os fontaneiros* (1986) conta a historia dun can e da súa relación cun neno e cos seus amigos. O amor e respecto polos animais son unha constante na vida e obra de María Victoria Moreno.



1986



1988

*Anagnórise* (1988) é unha novela que narra a viaxe dun adolescente que fai autostop cara a Madrid e casualmente é recollido por unha muller adulta. Este libro formou parte da Lista de Honor IBBY en 1990.

